

**IDEAS**  
**PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS**  
**12 FEBREIRO 2023**

## **A lei antiga en mans de Xesús é amor**

### **1. VER: Un mundo de leis e normas**

- Para camiñar ben e relacionarnos cos demais ten que haber, normas, límites que nos imos poñendo. Isto vémoste nos sinais da rúa para pasar o semáforo ou para conducir, ou para xogar ao fútbol, e mesmo para poñernos uns gobernantes. Na época de Xesús, a relixión xudía tiña unha chea de normas que era difícil cumprilas, así que Xesús tratou de resumilas, de simplificalas.

***Que normas tendes na casa?***

***Que pasa se non as cumprides?***

### **2. XULGAR: A única lei que propón Xesús é o AMOR**

- No evanxeo deste domingo Xesús dinos “**non vin abolir a Lei senón a dar plenitude**”. E logo fálanos dalgúns mandamentos manifestando que non basta con non matar, nin con non dicir mentiras...

#### **QUE NOS QUERE DICIR XESUS?**

- **Observamos o debuxo de Fano:** preséntenos os distintos libros da Biblia que nos mostran como seguir a Xesús, como vivir en

cristián. Pero el resume todas as normas nun corazón, no amor. O que ama dá o salto da lei fría ao amor concreto.

- **Os cristiáns temos unhas normas**, uns límites, un camiño para seguir tal como explícanos a Palabra de Deus: son os 10 mandamentos.
- Pero coa súa vida, coas súas opcións, Xesús móstranos que a **plenitude da Palabra está no amor**. Ás veces, que complicados somos con tantas normas, leis, prescricións... Todo é moito máis sinxelo, auténtico e comprometido se seguimos a vía do perdón e da reconciliación. O amor sobre a lei lévanos máis alto, porque en realidade a única lei do seguimento de Xesús é O AMOR: a Deus sobre todas as cousas e ao próximo como a ti mesmo.
- Na Xornada da **Campaña contra a fame** concretamos ese amor.

***Que nos está pedindo hoxe Xesús?***

### **3. ACTUAR: O que importa é amar**

- Vive desde a sinxeleza do evanxeo a **mensaxe do amor** nas relacións con Deus, co noso próximo e connosco mesmos.
- Aprende os 10 mandamentos. Escribe o seu enunciado en positivo.
- Tratade de relacionarvos con Deus cun trato de amor: sen ver o ir a misa como un mandamento senón como unha necesidade de ser o seu amigo, de atoparse con el.

**Que o trato cos demais sexa próximo**, con detalles, con xestos... Vai máis aló do que é obrigatorio ou o que está mandado á hora de axudar ou acoller.

***En que poderías mellorar?  
Que imos facer***

# LECTURAS

- **ECLESIAÍSTICO 15, 15-20: A ninguén obrigou a ser impío.**

Se queres, gardarás os mandamentos e permanecerás fiel á súa vontade. El púxote diante lume e auga, estende a túa man ao que queiras. Ante os homes está a vida e a morte, e a cada un daráselle o que prefira. Porque grande é a sabedoría do Señor, forte é o seu poder e veo todo. Os seus ollos miran aos que o temen, e coñece todas as obras do home. A ninguén obrigou a ser impío, e a ninguén deu permiso para pecar.

*Palabra do Señor.*

- **SALMO. 118: R/. Ditoso o que camiña na lei do Señor.**

- **1ª CORINTIOS 2, 6-10: Deus predestinou a sabedoría antes dos séculos para a nosa gloria.**

Irmáns: Falamos de sabedoría entre os perfectos; pero unha sabedoría que non é deste mundo nin dos príncipes deste mundo, condenados a perecer, senón que ensinamos unha sabedoría divina, misteriosa, escondida, predestinada por Deus antes dos séculos para a nosa gloria. Ningún dos príncipes deste mundo a coñeceu, pois, se a coñecesen, nunca houbesen crucificado a Señor da gloria. Senón que, como está escrito: «Nin o ollo viu, nin o oído oíu, nin o home pode pensar o que Deus preparou para os que o aman». E Deus revelounolo polo Espírito; pois o Espírito sóndao todo, incluso o profundo de Deus.

*Palabra do Señor.*

- **MATEO 5, 17.20-22a. 27-28. 33-34a. 37 (Breve):**

*Así se dixo aos antigos; pero eu dígovos*

**Narrador:** Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

**Xesús:** -«Non creades que vin abolir a Lei e os Profetas: non vin a abolir, senón a dar plenitude...

Dígovos que se a vosa xustiza non é maior que a dos escribas e fariseos, non entraredes no reino dos ceos.

Oístes que se dixo aos antigos: **“Non matarás”**, e o que mate será reo de xuízo.

Pero eu dígovos: todo o que se deixa levar da cólera contra o seu irmán será procesado.

Oístes que se dixo: *“Non cometerás adulterio”*.

Pero eu dígovos: todo o que mira a unha muller desexándoa, xa cometeu adulterio con ela no seu corazón.

Tamén oístes que se dixo aos antigos: *“Non xurarás en falso” e “Cumprirás os teus xuramentos ao Señor”*.

Pero eu dígovos que non xuredes en absoluto. **Que voso falar sexa si, si, non, non.** O que pasa de aí vén do Maligno» absoluto.

*Palabra del Señor.*

**(Narrador- Xesús)**